

# POMBAS



Tarde de inverno, fría e sen nubes, vense ás pombas voar de aquí para alá, elas pousan nos cables colgantes, expectantes.

Ólese o gris no ambiente, a xente está apagada, sen expresión, movéndose ao ritmo do silencio ruidoso que se respira na rúa, na nova cidade. Alguén alza a vista cara a unhas pombas que voan no ceo, libre de nubes, libre de ataduras. Voan cunha gracia capaz de facer voltear varias miradas curiosas.

Un neno que camiñaba paseniño da man da súa nai di entón: “Mamá, non son bonitas as pombas desta cidade tamén?”, cun ton de nostalxia que fai que unha explosión de cor inunde o ambiente, fai que a xente volva sentir esa morriña cariñosa polas terras onde se estivo que rememora os bos recordos das familias, dos amigos, cheos de cores nostálxicas, nos que algúns xa non están e nos que outros chegan para tinguir de novos pigmentos os recordos por vir.

Alzan o voo entón catro pombas que escoitan ao neno. Recordan o mar, o seu cheiro, a súa cor, os seus peixes, a súa xente... Voan lonxe cara ao horizonte sen se preocuparen de se vai ser unha longa viaxe ou de se atoparán comida polo camiño; voan libres de ataduras cara ao mar.

As tres pombas que quedaron nos cables recordan o lugar que deixaron para chegar a onde están, volve á súa cabeciña o cheiro do mar, as ondas suaves que lles traían os peixes cos que se alimentaban elas e máis as súas crías, volven ao lugar que tan bos recordos lles deixou.

Entón, as pombas restantes, que non saben moi ben o que teñen que facer, emprenden nun xentil voo cara ao horizonte a busca dun bo lugar no que acomodarse .

**Irene Alonso Castro**  
**3º ESO A**

